



Informe de valoración dos proxectos técnicos das empresas que se presentan ao procedemento aberto multicriterio, suxeita a regulación harmonizada, da concesión do servizo de atención residencial no concello de Chandrexa de Queixa

O presente informe é o resultado da valoración dos criterios, non avaliados mediante a aplicación de fórmulas, relativos á contratación da xestión do servizo da Residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, para un total de 81 prazas que se distribúen do seguinte xeito:

-77 prazas de Residencia

-4 prazas de enfermería

Presentáronse como licitadoras a este procedemento as entidades seguintes:

SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.A.
COVIASSTEC, S.L.
TRONCOSO CASARES, S.L.

Os criterios que se avalían son os indicados na cláusula 11.2 (criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor) do Prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación

Estes criterios son os seguintes:

- a) **Proxecto xestión e explotación do servizo de xestión integral da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa. Valorarase ata un máximo de 35 puntos.**

Exporase o desenvolvemento dos servizos ofrecidos pola residencia, que deberá cumprir, en todo caso, as exigencias contidas no presente prego e no de



prescripciones técnicas, así como a normativa vixente. Para a avaliación destes criterios solicitará cantos informes técnicos considere pertinentes.

Valoraranse a este respecto os seguintes subapartados:

- Subapartado a) 1: Aspectos xerais de funcionamento e organización da residencia (ata un máximo de **5 puntos**):
 - Organización da vida diaria e dos servizos.
 - Programación de actividades.
 - Presentación de protocolos de actuación.
- Subapartado a) 2: Programa de atención na residencia (ata un máximo de **10 puntos**): Neste subapartado valoraranse os programas de intervención do proxecto da residencia. Para a avaliación de cada un dos programas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:
 - Grao de desenvolvemento do programa.
 - Metodoloxía.
 - Calidade dos obxetivos.
 - Utilización de indicadores que permitan a súa avaliación.
 - Utilización de estándares de calidade aplicados á prestación do servizo.
 - Estruturación do traballo interdisciplinario do equipo.

Valorándose a inclusión dos seguintes programas:

- Programa de intervención ao ingreso na residencia.
- Programa de atención sanitaria.
- Programa de intervención psicolóxica.
- Programas de intervención social.
- Programas que fomenten a relación dos residentes coa contorna e a participación coa familia.

Forma de acreditación: mediante a presentación dos programas que o licitador se compromete a aplicar durante a duración da concesión.

- Subapartado a) 3: Estrutura de medios e personal (ata un máximo de **5 puntos**): Que se considere idónea para a mellor xestión dos servizos, describindo os medios persoais (persoal e estrutura con definición de categorías e funcións) e materiais (maquinaria, mobiliario e equipamiento auxiliar) que teña que utilizar, a súa organización e demais datos que permitan ao Concello valorar e puntuar este aspecto.

Presentarase un cadro e organigrama do personal.

- Subapartado a) 4: O proxecto de mantemento e conservación do interior e exterior do centro (ata un máximo de **5 puntos**). O referido proxecto deberá conter:





- A programación dos traballos e servizos a desenvolver.
 - A determinación do equipo e medios a empregar no desenvolvemento dos traballos.
 - A estimación en períodos de calendario dos prazos parciais dos diferentes traballos; a estes efectos utilizaranse como unidades de tempo a semana e o mes, en función da natureza de ditos traballos.
 - A programación do servizo de limpeza do centro e as súas dependencias.
- Subapartado a) 5: Implantación de sistemas de dietas e flexibilidade dos menús, así como outros aspectos do plan nutricional (ata un máximo de **5 puntos**). Para a valoración deste subapartado terase en conta a relación detallada dos diversos menús que vaian confeccionarse para a alimentación das persoas usuarias, debendo indicarse por parte dos licitadores o número e tipo de dietas ofertados, si existe capacidade de elección de menús, a variedade e rotación dos mesmos, as fichas técnicas dos platos e, no seu caso, as dietas complementarias que se ofertan.

O referido proxecto deberá conter:

- Número, tipo e adecuación de dietas ofertadas e as dietas complementarias.
 - Si existe capacidade de elección de menús.
 - Variedade e rotación dos mesmos.
 - Composición nutricional dos menús incluíndo fichas técnicas dos platos nas que se especifiquen gramaxes, ingredientes e aporte nutricional.
- Subapartado a) 6: Plan de formación de persoal durante a concesión (ata un máximo de **5 puntos**): Este criterio ten por obxecto valorar as accións de formación durante o período da concesión de servizo. A estes efectos, terase en conta a existencia dunha planificación formativa na que se teñan en consideración as necesidades formativas vinculadas ás distintas categorías profesionais asociadas á prestación das actividades que integran o servizo de residencia de persoas maiores. Dito plan de formación especificará a acción formativa, as categorías profesionais ás que vai dirixido, os contidos, calendario de execución e instrumento de seguimento de cada unha das actividades formativas.

b) **Melloras propostas na xestión e explotación:** Valoraranse ata un máximo de **10 puntos** as melloras ofrecidas polos licitadores sen coste algún para a Administración



incluíndo a valoración económica de cada unha das melloras presentadas.

Entre as melloras poderán incluírse as seguintes:

- Subapartado b) 1: Melloras nas condicións materiais (ata un máximo de **5 puntos**): Relacionaranse todos aqueles bens e materiais que o licitante propoña para complementar os medios que achega o centro e que redunden nunha mellora do servizo e da atención aos residentes.
- Subapartado b) 2: Melloras funcionais (ata un máximo de **5 puntos**): Expressaranse aquelas propostas que supoñan unha mellora ou ampliación dos servizos obxecto do presente contrato, sen custe para o usuario, tales como servizo de perruquería, podoloxía, manicura e outros complementarios

ANÁLISE DAS OFERTAS PRESENTADAS POLAS DISTINTAS ENTIDADES.

SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.A.

A) PROXECTO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA

A) 1-Aspectos xerais de funcionamento e organización da residencia

Basean o seu modelo de xestión da calidade en tres piares:

- Profesional de referencia
- As decisións son tomadas pola persoa usuaria
- Modelo de atención integral centrada na persoa (AICP)

Ademáis a familia aparece como peza esencial ó longo da oferta.

No tocante á organización da vida diaria e dos servizos, reiteran apartados do prego e introducen tamén aspectos que son valorados noutros epígrafes.

A organización e funcionamento do mesmo axustarase ós principios que informan a AICP, planificando tarefas por quendas

Na programación de actividades inclúen un mapa de procesos. Indican que as actividades a desenvolver seguirán as pautas que aparecen no Código Deontolóxico (non sabemos en cal). Involucran ós usuarios, á familia e ó profesional de referencia

Incorporan unha serie de estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas e útiles e para fomentar a participación no





programa de actividades. Créanse asimismo, uns consellos e comisións que facilitarán esta tarefa.

No tocante á presentación de protocolos de actuación, sintetizaranse nun Manual de Protocolos, que permite homoxeneizar criterios.

Enumeran 14 protocolos pero non os desenvolven

A exposición da metodoloxía é bastante coherente pero se bota de menos que non conteña unha estrutura máis sistematizada e que en relación ós rexistros asociados ós distintos procedementos, procesos e actividades non acheguen o seu deseño. Así mesmo os protocolos carecen de desenvolvemento

Puntuación: 3 puntos

A) 2)-Programa de atención na residencia

O programa individualizado de acollemento divídese en varias fases: Previo ó ingreso, entrevista preingresso, entrevista ingreso, período de adaptación e observación, permanencia

Salienta a puntualización detallada, incorporando todos os aspectos recollidos no prego. Bótase unicamente en falta a motivación das frecuencias plasmasdas nos indicadores.

O programa de atención sanitaria está moi traballado, contemplando ata 7 subprogramas correctamente desenvolvidos e con diversas actividades asociadas a cada un deles. Promoverase un centro libre de suxeicións, adaptado á norma Libera-Care.

O programa de intervención psicolóxica salienta polas actividades asociadas ós 7 subprogramas que recolle e pola particularizada explicación metodolóxica.

O programa de intervención social recolle talleres variados, e ademáis de ter en conta a implicación da familia, diferencia varios momentos de intervención en función da fase na que se atope o usuario.

No tocante ós programas que fomenten a relación dos residentes coa contorna e a participación coa familia, resulta imprescindible a súa participación e interacción social. Para elo crearase un Consello de participación das persoas usuarias. Prevé o desenvolvemento de diversas xornadas e actividades, tentando acadar a



colaboración do concello para algunha delas. Editarase incluso unha revista de carácter anual.

En síntese, neste apartado queda bastante ben definido cómo se traslada á práctica cotiá o proxecto de intervención a través das abondosas actividades expostas. Bótase en falta que afonde na corresponsabilidade dos profesionais dentro do equipo interdisciplinar, na ausencia de avaliación nalgún dos apartados e a falta de motivación das frecuencias plasmadas nos indicadores.

Puntuación: 8 puntos

A) 3) -Estrutura e medios de persoal

En canto ós recursos humanos, cínguese ó recollido no prego, indicando número de efectivos para cada categoría profesional
Os medios materiais ofertados, deixando de lado o recollido na normativa e nos pregos, son escasos.

Puntuación: 3 puntos

A) 4) -O proxecto de mantemento e conservación do interior e exterior do centro

Nos traballos e servizos a desenvolver, contéplase o mantemento conductivo, o preventivo, o técnico legal e mailo correctivo (do que achegan fluograma). Anexa un exemplo de folla de control.

Para a prestación do servizo contratarán un auxiliar de mantemento a media xornada de luns a venres. Ademáis da preceptiva uniformidade para a prestación do servizo, terán os EPI's correspondentes e gozarán da sinalética axeitada, aspectos que non poden ser valorados xa que se cinguen estritamente ó cumprimento da normativa en vigor.

Samain achegará os equipos e ferramentas que sexan necesarios para a adecuada realización dos traballos normais de mantemento.

Anexan unha relación de ferramentas de man, maquinaria, equipos de medida e equipos auxiliares que destinarán ó servizo.

Acompañan unha calendarización dos prazos parciais dos diferentes traballos, tendo en conta o cumprimento da normativa, os traballos recomendados polos fabricantes dos equipos e a experiencia da licitadora en instalacións de similares características.

En canto á limpeza do centro e das súas dependencias, o valor engadido ven pola posta a disposición dunha brigada móvil de persoal, composta por un especialista e tres limpadoras, que estarán localizables as 24 horas do día.

Achegan relación da maquinaria a dispor do centro para o servizo de limpeza, así como de produtos ecolóxicos que van empregar (valórase neste extremo a protección medioambiental)





Anexan tabla de frecuencias para a limpeza das diferentes estancias e programa de mantemento de zonas axardinadas.

Puntuación: 4 puntos

A) 5) -Implantación de sistemas de dietas e flexibilidade dos menús

Achegan unha boa oferta incorporando ata 15 tipos de dietas detalladamente descritos. Ó almorzoz e á media mañá poden optar entre un produto líquido e un sólido e na cea poderán escoller entre dúas alternativas diarias.

Planifican menús para catro semanas, con carácter estacional (Achegan a planificación de inverno e de verán). Crearase unha comisión de menús na que terá participación unha representación dos residentes. Os menús serán colgados no taboleiro de anuncios e remitidos ós familiares dos residentes que así o demanden.

Utilizan o sistema IARA para realizar a valoración dos nutrientes e dos principios fundamentais de cada prato.

A modo de exemplo incorporan a ficha técnica dun prato.

Puntuación: 4,75

A) 6) -Plan de formación de persoal

Chama a atención polo escaso desenvolvemento deste apartado, xa que en moitas das accións formativas somentes se limita a reproducir o título da mesmo, sen alusión algunha a programas ou contidos.

Tamén salienta a escasa duración de varias dos cursos, dende 2 a 4 ou 5 horas.

Valórase o feito de que sexa interdisciplinar

Puntuación: 2,25 puntos

B) MELLORAS PROPOSTAS NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN

Achega 8 tipos de melloras materiais coa súa correlativa valoración económica



Puntuación: 2 puntos

Contemplan un número de sesións gratuitas dos servizos contemplados no prego, sendo as restantes por conta dos usuarios. A maiores un par de servizos complementarios

Este apartado adolece de suficiente grao de desenvolvemento

Puntuación: 2,5 puntos

En síntese, SAMAÍN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.A. presenta un proxecto de intervención que se adapta bastante ben ó servizo obxecto do contrato. Fai propostas de intervención ben xustificadas e orientadas á consecución dos obxectivos. Responde en xeral ós requirimentos dos pregos, chamando a atención o escaso desenvolvemento nos apartados relativos á formación e nas melloras propostas na xestión e explotación

Acada unha puntuación total de: 29,5 puntos

ANÁLISE DA OFERTA PRESENTADA POLA ENTIDADE COVIASTEC

A) PROXECTO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA RESIDENCIA

A) 1)- Aspectos xerais de funcionamento e organización da residencia

Expoñen que o funcionamento das residencias para persoas maiores está sustentado en tres principios rectores:

- Dereitos e obrigas dos residentes (no que fan unha relación normativa)
- Principios éticos da atención
- Valores da organización

Engade unha moi breve referencia á elaboración do PAI, incorporando un cadro sobre as fases do PIAP

No tocante aos órganos que inflúen na organización e planificación diaria do centro alude ó equipo interdisciplinar e á comisión técnica de observación

O equipo interdisciplinar estará formado por un médico, traballador social, fisioterapeuta, TASOC, psicólogo, DUE e coordinadora de auxiliares/auxiliar de enfermaría. A periodicidade con carácter xeral, será semanal.

A Comisión Técnica de Observación constitúese para o desenvolvemento dunha función específica ou dunha actividade concreta cando sexa preciso. Está formada





polos mesmos profesionais que o equipo interdisciplinar e divídese en varias subcomisións segundo a temática a tratar.

A organización da vida diaria e dos servizos divídennas en catro apartados e relacionan algunha das actividades que levan a cabo:

-Dirección e administración

-Atención social e psicosocial

-Atención á saúde (en conxunción co SERGAS)

-Servizos xerais (unidade de cociña e comedor, unidade de mantemento, unidade de lavandería e de limpeza, almacén; control, comunicación e vixianza, acompañamento e traslado do residente a urxencias ou a consultas externas, produtos de aseo persoal, servizo de perruquería e podoloxía)

Achega un cadro coas ABVD do centro.

En canto á programación de actividades, diferencia as de carácter ordinario das extraordinarias.

As de carácter ordinario están formadas por un programa de intervención psicosocial, un programa de intervención na socialización e participación. Nos programas de intervención terapéutica recóllese o programa de AVBD, xerontoxinasia, rehabilitación funcional e terapéutica, psicoestimulación/terapias cognitivas (a través de 4 talleres).

Achega un cadro semanal a modo de referencia

Síñalan como actividades extraordinarias, a título exemplificativo: celebración de días sinalados, intercambios xeneracionais, excursións, voluntariado, cinema

Empregarán tres indicadores para a elaboración dos grupos de traballo e pasaránlle cuestionarios de avaliación ós usuarios. Non contemplan estándares de calidade

En canto ós protocolos de actuación somentes acompañan unha relación así como de rexistros

Pese a que abarca todos os extremos recollidos nos pregos, adolece da suficiente profundidade, emprega por veces unha terminoloxía non moi acertada e ten moita marxe de mellora.

Puntuación: 2,25 puntos



A) 2) -Programa de atención na residencia

O programa de intervención ó ingreso na residencia está aceptablemente formulado, incluíndo as fases de preingreso, ingreso e introducción na residencia. Explica nelas cal é a intervención do equipo. Achega indicadores de avaliación mais non emprega estándares de calidade.

Tralos resultados das avaliacións, convocarase unha Comisión Técnica de Observación para a realización do PAI.

Recolle 9 programas de atención sanitaria moi escuetamente expostos e ós que asocia protocolos cuxo descrición non consta ó longo do proxecto, somentes un rexistro mensual de ABVD.

Non contempla estándares de calidade.

O programa de intervención psicolóxica recolle 6 subprogramas, non diferenciando momentos de intervención.

O programa de intervención social reflicte intervencións respecto ó residente, ás familias e á Institución e contorna local.

Achega un breve programa de intervención con familias, así como de integración coa contorna e comunidade, sendo estes dous os únicos que contemplan algunha actividade de todos os contemplados neste epígrafe.

Acompañan varias fichas de rexistros asociadas a cada un dos programas.

A oferta neste punto é mellorable coa incorporación de actividades en cada un dos programas así coa inclusión de indicadores de avaliación

Puntuación: 6,5 puntos

A) 3)- Estrutura de medios e persoal

Propón a seguinte estrutura:

AREAS	CATEGORIA	NUMERO
DIRECCION Y ADMINISTRACIÓN	DIRECTOR	1
ATENCION SOCIAL Y APOYO PSICOLOGICO	TRABAJADOR/A SOCIAL ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PSICOLOGO	1 1 1
	MEDICO	1





ATENCION A LA SALUD	ATS FISIOTERAPEUTA	4
	GEROCULTORAS	1
	GOBERNANTE	18
OTROS SERVICIOS		1
	/ LIMPIEZA/LAVANDERIA COCINA	5

Desenvolve as súas funcións.

Asocia os medios materiais a cada unha das categorías profesionais, non explicitando en qué consiste a oferta, xa que se queda nun “disporá de todo o material necesario”. Cando alude a produtos ou utensilios non especifica tipo, características nen número de unidades.

Puntuación: 2,75 puntos

A) 4) -Proxecto de mantemento e conservación do interior e exterior do centro

Presentan un proxecto completo e ben descrito neste apartado. Non se toma en consideración o feito de que fora a empresa que levou a cabo a execución do edificio

Dividen a intervención en mantemento preventivo, normativo de carácter técnico-legal, correctivo e servizo 24 horas.

Nomearán un encargado de mantemento que formará parte da plantilla e porán a dispor un oficial e un axudante para cada unha das instalacións a manter, que acudirán periodicamente ó centro. Proporcionarán unha plataforma virtual onde se volcará toda a documentación.

Relacionan a ferramenta, maquinaria e comprométense a achegar un informe final de mantemento así como un plan de formación do persoal que se vaia facer cargo do mantemento unha vez que a adxudicataria, de ser Coviastec, deixe o centro.

Acompañan cadro exhaustivo coa calendarización.

Incorpora plan específico de mantemento de zona axardinada.

O protocolo de limpeza e desinfección é correcto incorporando varios cadros con produtos, métodos e frecuencias. Tamén haberá un plan de control de plagas

Puntuación: 4,75 puntos



A) 5)- Implantación de sistemas de dietas e flexibilidade dos menús

Contemplan ata 8 tipo de dietas con ata 6 inxestas diarias.

No almorzo, na merenda, a media mañá e na recea, os residentes terán capacidade de elección do menú. Do mesmo xeito, ofreceráselles a oportunidade de realizar as súas propostas de menú.

Achegan a proposta de menú para 6 semanas así como a composición nutricional dos mesmos

Puntuación: 4 puntos

A) 6-) Plan de formación do persoal durante a concesión

Neste apartado a oferta ten moitas posibilidades de mellora. Divide as accións formativas en charlas, formación continua e formación imprescindible, que se refire ó cumprimento obrigatorio da normativa.

Somentes achegas 2 ofertas formativas para o equipo técnico. De todas elas, non desenvolve os contidos, non incorpora metodoloxía nin modalidade de impartición nin métodos de avaliación.

Mediante una enquisa pretenden recoller as necesidades formativas do persoal (achegan modelo)

Puntuación: 1,75 puntos

B) MELLORAS PROPOSTAS NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN

Nas condicións materiais, aparte do que parece obvio para o correcto funcionamento do centro, ofertan un sistema de dosificación automático para lavandería, o uso dun sistema de limpeza ergonómico que facilita a redución das bacterias e un guindastre de bipedestación.

Puntuación: 3 puntos

No tocante ás melloras funcionais, incorporan o encargado de mantemento na plantilla. Xa foi valorado no punto correspondente ó proxecto de mantemento.

Reservarán dúas prazas de atención residencial para persoas en situación de emerxencia social de Chandrexa de Queixa, segundo a valoración que efectúen os servizos sociais do Concello. Estes serán tamén os encargados de transmitir a información sobre as persoas que se atopan soas no Nadal e serán convidadas a acodir á residencia para as ceas de Noiteboa e Noitevella, así como para os xantares de Nadal e Ano Novo. De haber habitacións libres, poderán pernoctar esas noites, almorzar ás mañás e disfrutar das actividades do centro.





Ofertan asimesmo respiro familiar, terapia asistida con animais de compañía, unha actividade acuática mensual na estación de montaña Oca Nova de Manzaneda facendo extensiva a oferta ás persoas do Concello que poidan participar. Poñerase a disposición dos participantes un vehículo para os desprazamentos de cara a realización das actividades ofertadas.

Ademáis da xerontoxiniasia grupal, incorporan tamén un serizo de préstamo de axudas técnicas (extensivo ós usuarios de SAD municipal)

Ofertan 50 bonos gratuitos a repartires entre os residentes de perruquería e podoloxía. O servizo de manicura será gratuito.

Reforzarán as medidas de seguridade e terán un horto terapéutico.

Neste apartado a oferta é moi salientable

Puntuación: 5 puntos

COVIASSTEC, S.L. presenta unha proposta que semella ter bastante potencial para desenvolver o proxecto funcional do servizo residencial. Pese a que os dous primeiros subapartados teñen bastante marxe de mellora, a oferta en conxunto permite coñecer bastante ben como se vai levar a cabo o servizo en relación ós diferentes apartados do prego. Con todo elo, acada unha puntuación de: 30 puntos

OFERTA PRESENTADA POR TRONCOSOS CASARES, S.L.

A) PROXECTO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO

Tras unha breve presentación da entidade e poñendo de manifesto a súa aposta pola RSC, continúan cos

A) 1) -Aspectos xerais de funcionamento e organización da residencia

Éste é deseñado partindo do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.



Utilizan como referencia os fins recollidos no art. 7 do RRI de Chandrexa de Queixa, tentando axustar os plans de atención ás necesidades da persoa, garantindo a continuidade na atención e a a accesibilidade aos distintos recursos, servizos e programas de carácter social e sanitario, ofrecendo apoio, formación e asesoramento ós familiares e/ou rede de apoio e ás persoas da comunidade e proxectando o centro como lugar de referencia xerontolóxico.

Tendo en conta o anterior Decreto, a oferta recolle un Calendario Diario de Servizos, que será aberto a todas as suxestións provintes tanto das persoas usuarias como dos seus familiares. A metodoloxía de traballo centrada na persoa será supervisada pola Comisións Técnicas de Seguimento e os Profesionais de Apoio. Describe os servizos de valoración, seguimento, avaliación e coordinación e servizo de información, orientación e asesoramento a familiares (que incluírán as diferentes fases do Plan Terapéutico Individual); os servizos de seguimento, avaliación e coordinación de actividades (incluídos no Programa de Atención Persoal e revisables, alomenos, cada seis meses) así como outras estratexias de actuación (que comprenden programas de intervención psicolóxica para a estimulación das persoas residentes á hora de comer, estratexias de actuación no sono das persoas residentes, de actuación no vestir, estratexias para a estimulación da persoa residente no aseo, actuacións ante a incontinencia).

En canto ó programa de actividades, contemplan actividades para garantir a autonomía, a motivación, o fomento da responsabilidade e a toma de decisión; actividades de información básica e instrumental: asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria; actividades de carácter habitual de estimulación física, cognitiva e social (inclúen espazo Snoezelen); intervención ocupacional: benestar socioafectivo (con aplicación do método Montessori)

No desenvolvemento do amplo programa de actividades, nas distintas áreas son incluídos varios aspectos de interese: definición, obxectivos, destinatarios, periodicidade, actuacións profesionais e contidos, organización, recursos humanos e exemplos prácticos. Ademais empregarase a escala de mellora de vida de GENCAT para avaliar a súa efectividade.

Polo que respecta á presentación de protocolos de actuación, inclúe o protocolo de atención inicial, os de atención integral continuada (atención sanitaria, atención psicosocial), protocolos de finalización e outros. Somentes reflicten o diagrama de fluxo do protocolo de úlceras por presión, remitíndose a outros puntos da memoria para desenvolver este apartado, polo que queda reducido case a unha declaración programática.

Inclúe un calendario de actividades para unha semana de febreiro

Presentan unha proposta moi aceptable nos 2 primeiros puntos, adolecendo o terceiro do necesario grao de desenvolvemento

Puntuación: 4 puntos





A) 2)- Programa de atención na residencia

Inclúe o protocolo de ingreso (recollido nominativamente no apartado anterior). Asignaráselle unha Persoa de Apoio e durante as primeiras semanas porase en marcha o Plan de Atención Persoal (PAP), cuxas fases enuncia e no que participará a Comisión Técnica de Seguimento e o Profesional de Apoio.

Engade un detallado programa de atención sanitaria, incluíndo un modelo para a valoración de enfermaría.

Incorpora un extenso programa de intervención psicolóxica

Valórase positivamente a coherencia, a racionalidade e a claridade da exposición destas áreas. As propostas de intervención baséanse nunha metodoloxía coordinada e participativa nas que se teñen en conta as preferencias, as propias decisións, as capacidades...das persoas usuarias e as da súa familia. As actuacións están encamiñadas ó desenvolvemento de programas específicos que abarquen os diferentes niveis de actuacións profesionais na persoa, así mesmo, están encamiñadas a posibilidade de personalización a través do desenvolvemento de plans de atención individuais

A metodoloxía de traballo centrada na persoa implica unha actuación profesional e integrada de todo o equipo de traballo do centro.

Enumera, describíndoas, actuacións concretas encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas usuarias e a das súas familias e/ou rede de apoio. Neste sentido fai referencia ós seguintes aspectos: consenso de obxectivos, actuacións profesionais concretas para cada persoa, temporalización de actividades. Diariamente traballaranse as AVD básicas das persoas que o precisen. Formularanse actividades de tipo físico de xeito grupal ou individual.

O centro buscará a mellor fórmula para o perfil das persoas usuarias elaborando calendarios específicos e sempre contando coa opinión e suxestión das persoas usuarias.

Detalla e explica programas de intervención referidos a grupos de usuarios homoxéneos segundo o seu grao cognitivo e as súas capacidades.

Respecto ás estratexias para o afrontamento de situación habituais como son os trastornos de conduta, as persoas de carácter difícil, as excesivamente solícitas de actividades ou pola contra, as que tenden á non participación, atención ó duelo (inclúe seminarios e traballo individualizado na sala Snoezelen), a oferta fai unha referencia xeral, por un lado, ás causas deste tipo de alteracións e, por outro, ás



actuación profesional concretas para corrixilas. Indican o procedemento a seguir en cada caso. As familias sempre estarán informadas, de todas as actuacións que se fagan coas persoas maiores usuarias ou residentes en relación a este tipo de situación.

Dentro do programa de intervención psicolóxica, inclúe a mellora da calidade de vida dos traballadores, describindo actuacións de cara a mellorar o bo clima laboral. Aquí si se incorpora unha avaliación anual por parte do equipo de traballo do centro e un plan de acción a partires dos resultados. A empresa conta cun manual de boas prácticas, que se dará a coñecer a todo o equipo de traballo

No abano de programas de intervención social, encadrados dentro da súa política en materia de RSC, contemplan:

- Programa de intervención para mellorar a saúde física e psicolóxica da comunidade de Chandrexa de Queixa. Inclúe charlas formativas

- Obradoiros de hábitos saudables para familias con persoas dependentes ó seu coidado

- Grupos de autoaxuda

- Programa de igualdade de xénero “Eu tamén”.

- Programas de inserción socio-laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión socio-laboral (inclúe cronograma por etapas).

- Programa de intervención para paliar as dificultades das mulleres de violencia de xénero. Crearán un punto de atención social para facilitar un apoio integral ás vítimas de violencia doméstica. Atenderase un máximo de 10 mulleres por ano.

- Política de contratación do persoal da residencia.

Terán preferencia as persoas que cumprindo os requisitos requiridos, sexan do concello, mulleres, maiores de 50 anos, en risco de exclusión económico-social, con discapacidade, emigrantes retornadas.

No tocante ós programas que fomenten a relación dos residentes co entorno e a participación coa familia, pretenden que o centro sexa un lugar de referencia xerontolóxico e outorgan gran relevancia ás opinións dos usuarios.

Inclúen un estudo da contorna social e cultural de Chandrexa de Queixa, o que inicialmente non supón un beneficio engadido para o concello. A partires deste elaboran un plan de información cun responsable que tentará conseguir un representante de cada parroquia.

En canto ás abondosas actividades do centro, as dirixen a todas as persoas maiores da comunidade (non somentes ós usuarios) e procuran fomentar a participación das familias e rede de apoio no centro

Conclúen este apartado cun esquema básico a aplicar a estes programas, que vai dende o deseño da actividade de cada un á valoración do informe de resultados





Presentan unha oferta aceptable, na que tanto o PAP como os programas vinculados ao mesmo son coherentes e están ben fundamentados. Na maioría dos puntos omite a utilización de indicadores que permitan a súa avaliación de xeito individualizado e a utilización de estándares de calidade aplicados á prestación do servizo.

Puntuación: 8 puntos

A) 3)-Estrutura de medios e persoal

O organigrama de persoal será o seguinte:



Aparte do persoal propio do centro (do que non se detén en explicitar número de efectivos), ofertan como servizos externos: empresas de formación e investigación, psiquiatra (localizable), asesor/a en nutrición, e asesoría laboral, fiscal e contable. Contarase con outros servizos que se incorporan no apartado de melloras, polo que non son obxecto de valoración aquí



Dende os servizos centrais, contrataranse empresas de mantemento, limpeza especializada e desinfección, preferentemente do concello.

En canto á estrutura de medios, remítese asimismo, ó apartado de melloras, polo que non se consideran neste apartado

En síntese, non contempla o servizo de terapia ocupacional recollido no PPT nin achega medios para valorar de xeito independente as melloras propostas

Puntuación: 2,25 puntos

A) 4) -O proxecto de mantemento e conservación do interior e exterior do centro

Presentan un amplo proxecto, dividindo o abano de actuación entre corrección e prevención.

Reparan no mantemento das instalacións contra incendios, no mantemento de instalacións de auga, limpeza e desinfección para prevención de lexionelose, mantemento e prevención das infeccións ou infestacións que puideran producirse nas instalación, análise de perigos de puntos de control críticos, xestión de residuos perigosos, mantemento de instalación en canto á prevención de riscos laborais (auditoría interna anual), mantemento das instalación de calefacción, mantemento das instalación eléctricas (inclúen aquí o ascensor así como o protocolo de actuación para pequenos mantementos e o protocolo de actuación para sinistros cubertos pola póliza de multirisco do centro)

O Plan de limpeza contempla:

-Os equipos, locais e utensilios que se deben limpar e desinfectar.

As instrucións sobre os procedementos de limpeza e desinfección.

A frecuencia de limpeza e desinfección de todos os elementos do establecemento.

-Os produtos químicos utilizados na limpeza (deterxentes e desinfectantes).

Dispoñerase na cociña das fichas toxicolóxicas destes produtos e en ningún caso utilizaranse produtos non autorizados que sexan corrosivos ou perigosos para a saúde dos traballadores (eslamiada cáustica ou ácidos agresivos).

As cantidades necesarias para facer as dilucións e como preparamos.

As precaucións para o manexo dos produtos químicos. A persoa responsable de realizar a limpeza e desinfección.

O mantemento basearase en documentos de tipo técnico.

Trátase dun programa exhaustivo e correctamente calendarizado.

Puntuación: 4,50 puntos





A)5)-Implantación de sistemas de dietas e flexibilidade nos menús, así como outros aspectos do plan nutricional

A licitadora presenta unha oferta traballada na que desenvolve varios tipos de menús con adecuación de dietas e con dietas complementarias. Incorpora gran variedade e rotación de menús, con bastantes exemplos así como un pequeno estudo sobre a composición nutricional. Achega un par de fichas técnicas.

Non contempla a posibilidade de elección dos menús a non ser en caso de situacións puntuais dos residentes

Puntuación: 4 puntos

A) 6.-Plan de formación de persoal durante a concesión

Divide o seu plan en formación continua en materia de protocolos de actuación, en materia de Regulamento de Réxime Interno, en materia de boas prácticas, e no que denominan “o resto de materias de interese para o persoal”. Trátase de 18 actividades, éstas últimas, nas que a maioría son de carácter trasversal. Non incorpora programas desenvolvidos, senón somentes 3 ou 4 ítems na maioría deles.

Recolle a calendarización das actividades así como a enunciación dos instrumentos de avaliación e a estratexia de actuación a seguir a partires destas.

Presenta un aceptable proxecto de formación, adolecendo de certo grao de desenvolvemento en varios apartados (Formación específica para cada categoría profesional, exemplos de instrumentos de avaliación...)

Puntuación: 3,5 puntos

B) MELLORAS PROPOSTAS NA XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN

En canto ás condicións materiais presenta unha moi boa oferta, incorporando instrumentais, materiais de apoio e tecnolóxicos.

Puntuación: 5 puntos



Nas melloras funcionais compréndense varios servizos, que se porán a disposición dos residentes sempre que se necesite.

Puntuación: 3,5 puntos

Concluindo, en termos xerais, a exposición da metodoloxía de intervención descrita anteriormente por TRONCOSO CASARES, S.L. adáptase ó servizo obxecto do contrato e da ordenada contestación a todos os apartados do prego.

A exposición do proxecto destaca pola súa coherencia, así como pola descrición minuciosa e sistematizada das actuacións a levar coas pequenas eivas manifestadas ó longo do informe.

Non obstante, e con base non propio proxecto de intervención, pode deducirse que teñen capacidade para desenvolver o servizo obxecto do contrato, a pesar de que a súa metodoloxía teña marxe de mellora.

Tendo en conta todo canto queda exposto, TRONCOSO CASARES, S.L. acada a seguinte puntuación total: 34,75

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019

A subdirectora xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna

M^a. del Mar Ferreiro Broz





ENTIDADE	Proxecto de xestión e explotación do servizo de xestión integral da Residencia	Melloras propostas na xestión da explotación	TOTAL
SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.L.	25	4,50	29,50
COVIASSTEC, S.L.	22	8	30
TRONCOSO CASARES, S.L.	26,50	8'50	34'75

